



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballado 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Decreto da Alcaldía do 31 de agosto de 2015

Antecedentes

Visto o expediente en trámite para a contratación do subministro denominado “**CREACIÓN DUNHA AREA INFANTIL E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS BIOSALUDABLES EN PAZOS (BORELA)**”, segundo proxecto de obra redactado polo Arquitecto Técnico Municipal José Luís Barros Sousa, por importe total de 37319,11 € (30.842,24 € e 6476,87 € de IVE).

Visto que solicitadas tres ofertas resultou que a oferta presentada pola empresa Construcións, obras e Viais S.A. (COVSA) resulta ser a oferta economicamente máis ventaxosa non incurso en temeridade.

Examinada a documentación obrante no expediente, de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011 do 14 de novembro e na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que Construcións, Obras e Viais, S.A., COVSA., cumprimentou o requirimento efectuado polo órgano de contratación aportando a documentación prevista no artigo 17 do prego de cláusulas e a garantía definitiva do contrato.

Examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro

RESOLVO:

1. Adxudicar o contrato de “**CREACIÓN DUNHA AREA INFANTIL E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS BIOSALUDABLES EN PAZOS (BORELA)**” á empresa Construcións, Obras e Viais S.A. (COVSA), de acordo co prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e demais condicións establecidas na súa oferta que a continuación se resumen:

A) Oferta Económica: 30.842,24€, IVE 6476,87€, Total 37319,11€.

B) Prazo de Execución: Un mes

C) Prazo de Garantía: 1 ano

D) Melloras: ningunha.

2. Requirit a Construcións, Obras e Viais S.A., (COVSA), para que proceda á presentación do Plan de seguridade e saúde no traballo dentro do prazo de cinco días a contar desde o seguinte á notificación da adxudicación do contrato.

3. Informar á empresa Construcións, Obras e Viais S.A., COVSA de que o seu representante legal / apoderado deberá comparecer nas oficinas municipais para a formalización do contrato dentro do prazo de cinco días naturais a contar desde o seguinte á notificación da adxudicación na data e hora que se lle determine ao efecto.

4. Ordenar a publicación da presente Resolución no perfil do contratante do Concello de Cotobade e notificar aos licitadores interesados.

Cotobade 31 de agosto de 2015

O Alcalde

Jorge Cubela López



A secretaria accidental

Jeanett López Fernández

